

Os animais, a diferenza das plantas, necesitan “algo” para mover os ósos. Ese algo son os músculos, órganos fibrosos cuxas contraccións producen todos os movementos do animal. É dicir, son os responsables de que o esqueleto se mova. En xeral, son vermellos, brandos e fibrosos, e están unidos aos ósos por medio dos tendóns. Hai tres tipos de músculos. Por un lado, están os estriados, que son voluntarios e os encargados de accionar o movemento. En segundo lugar, os lisos, que forman as paredes das vísceras e non están baixo o control da vontade. E, finalmente, os cardíacos, presentes unicamente no corazón. Podemos nomear, por exemplo, o bíceps, músculo estriado responsable de flexionar o brazo, Ou os músculos lisos que recobren o tracto gastrointestinal e interveñen nas contraccións de peristaltismo.

Esquema
descriptivo
enumerativo

Definición

Aclaración - Reformulación

Clasificación

Exemplificación

Por que nos pode doer a cabeza cando vemos filmes en 3D?

Científicos da Universidade Estatal de Lomonosov en Moscova (Rusia) detectaron que nos filmes en 3D existen algunhas escenas "erróneas" ou "imperfectas" que poderían ser as responsábeis de que moitos espectadores teñan dor de cabeza cando terminan de velas. Segundo estes especialistas, as cefaleas adoitan deberse á reacción do cerebro a determinadas imaxes "erradas" que chegan aos dous ollos ao mesmo tempo e, aínda que o cerebro necesita combinalas para producir un efecto en 3D, non sempre ten éxito.

Os científicos rusos atribúen estes erros ás imperfeccións dos equipos de reprodución ou a certas deficiencias na metraxa dos filmes. O primeiro caso podería explicarse pola necesidade natural dos distribuidores de reducir gastos, o que levaría a empregar lentes de peor calidade e proxectores baratos; na segunda categoría poderíanse incluír motivos máis complexos que non sempre son detectábeis e previsíbeis, como por exemplo os problemas na reorganización das escenas en que aparecen mudados fotogramas de esquerda e dereita. En moitos filmes de terror tamén detectaron gran cantidade de erros técnicos de diversa índole, mais neste caso os científicos rusos atribúen as deficiencias ao baixo orzamento destes produtos.

Esquema
causal
(explicativo)

Un diagrama de esquema causal explicativo onde varias liñas de cor vermella converxen desde diferentes puntos do texto (principalmente das frases subliñadas) cara a un punto central que apunta ao texto 'Esquema causal (explicativo)'.

Clasificación

Exemplificación

Nas últimas décadas do século XX, moitos músicos galegos comezaron a considerar que a música galega era polo menos parcialmente "céltica" en orixe, de maneira que procuraron influencias nas músicas de Irlanda e Escocia, así como da Bretaña francesa. A pesar de que esta relación é moi discutida, o resultado foi a proxección internacional da nosa música, coincidindo cun espallamento xeral da música tradicional como contestación ás máis comerciais.

Milladoiro, Uxía Senlle, que comezara con Na Lúa, Luar na Lubre, o gaitero Carlos Núñez e Berrogüetto foron quen máis teñen popularizado a música galega, a nivel estatal e internacional. Outros gaiteros modernos son Xosé Manuel Budiño, Susana Seivane e Cristina Pato. A aparición destas dúas mulleres no mundo da gaita rompeu definitivamente coa visión estritamente masculina do gaitero. Outra muller con grande proxección é Mercedes Peón, posuidora dunha potente voz e que afonda tanto na reivindicación da tradición como na súa reinterpretación en linguaxes musicais modernas. Tamén xurdiron grupos de pandeireiras de recoñecido prestixio, como Leilía e agrupacións de gaiteros como Treixadura.

(nova exemplificación)

1º. Orixe celta > Influencias > Proxección internacional

2º. Da exemplificación ao esquema enumerativo

^ Así,

↳ Esquema causal

POR QUE SE PRODUCE? + QUEN O PROTAGONIZA?